



Alcaldía de Lugo

**PROTOCOLO DE ACTUACIÓN E COMPROMISOS VINCULADO Á
SUSCRIPCIÓN DE ACCIÓNS POR PARTE DO CONCELLO PARA A
CONSECUCCIÓN DA FINALIDADE DA CONSTITUCIÓN DO S.A.D.
CLUBE DEPORTIVO LUGO.**

En Lugo, 28 de maio 2013

Dunha parte, o *Excmo Sr D. José Clemente López Orozco*, Alcalde do *Excmo Concello de Lugo*, con CIF P2702800J, con sede en Lugo, Praza Maior SN actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local

E doutra, *don José Bouso Alvite* con N.I.F. 33818091H que actúa en nome e representación do *Clube Deportivo Lugo*, con C.I.F. G27030642, de acordo co establecido nos seus Estatutos de Constitución.

Ante *Don Jose Antonio Carro Asorey*, , Secretario Xeral do Pleno da Corporación de Lugo en exercicio das funcións que le son propias dacordo coa normativa de aplicación

Ambas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente "*Protocolo de compromisos de actuación vinculado á suscripción de accións por parte do Concello para a consecución da finalidade da constitución da SAD Clube Deportivo Lugo*" aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, e de común acordo

MANIFESTAN

Primeiro: A conversión dos Clubes profesionais en Sociedades Anónimas Deportivas ou a creación de tales *sociedades* para os equipos profesionais da modalidade deportiva que corresponda, unha vez adoptado o acordo polo clube e exercida a opción de transformación ou adscrición, así como a adecuación do capital social mínimo das S.AD, xa existentes, tramitarase de conformidade coa lei 10/1990, do Deporte, o Real Decreto 1251/1999, de 16 de xullo, sobre Sociedades Anónimas Deportivas, modificado parcialmente polo Real Decreto 1412Pz001 de 14 de decembro e as disposicións transitorias vixentes do Real Decreto 1084/1991.

Segundo.- O Concello de de Lugo esta interesado na colaboración, con carácter excepcional y extraordinario, co clube deportivo Lugo para posibilitar a conversión obrigatoria en S.A.D. co obxecto do mantemento do citado Clube en Segunda División A da Liga de Fútbol Profesional, de acordo coas esixencias establecidas



Alcaldía de Lugo

na normativa citada e cos criterios establecidos polo Consello Superior de Deportes, dado que tal actuación coadiuva na consecución dos intereses municipais.

En base en tales antecedentes, ámbalas dúas institucións consideran oportuno establecer un Protocolo de actuacións con arranxo ó seguinte clausulado

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do protocolo

Constitúe o obxecto do presente protocolo regular o procedemento relativo a dotación de fondos coa natureza de reintegrables na súa totalidade, co obxecto de obter o capital necesario para a transformación do Club Deportivo Lugo en sociedade anónima deportiva, coa finalidade de evitar a descenso automático á Segunda División B da liga de fútbol profesional.

Segunda.- Achegas e compromisos das partes

Para a consecución do obxecto do protocolo, as partes subscribintes conveñen os seguintes compromisos :

A) Por parte do Concello, iniciar os trámites administrativos para a dotación de fondos de natureza reintegrable na súa totalidade por un importe de 600.000,00 € co obxecto de contribuir á obter o capital necesario para a transformación do Clube Deportivo Lugo en Sociedade Anónima coa exclusiva finalidade de evitar o descenso automático á Segunda División B da liga de fútbol profesional.

B) Por parte da Clube Deportivo Lugo (S.A.D. Clube Deportivo Lugo),

- Aprobar pola Xunta Directiva, en primeiro lugar, e pola asamblea posteriormente, o presente PROTOCOLO co compromiso de que no suposto de creación de calquera tipo de ente dependente da SAD ou do propio Club Deportivo, se posibilite o reintegro das cantidades aportadas polo Concello, con independencia da fórmula adoptada para dita achega ; o reintegro da cantidade total aportada polo Concello de Lugo gozará da mesma condición de preferencia que as doutras administracións públicas. En este sentido, se realizarán as actuacións necesarias para que a execución efectiva do reintegro a favor do Concello de Lugo das cantidades aportadas, se realice no presente ano natural, de xeito que a esa data desaparecera calquera participación do Concello no capital social da SAD, de ser o caso.



Alcaldía de Lugo

- No suposto de que non se produza o citado reintegro, en todo o en parte, con anterioridade ao 31 de decembro do 2013, mantendránse ás obrigas sinaladas no parágrafo anterior ata o efectivo reintegro das cantidades totais aportadas, sen prexuízo das actuacións que o Concello de Lugo poda adoptar ós efectos oportunos.

Terceira. A condición preferente a favor do Concello de Lugo respecto dos reintegros das cantidades, sinalada na cláusula anterior, aplicarase igualmente ó suposto de que non se dé cobertura á suscripción del capital social, sendo de aplicación neste caso o establecido no Programa de Fundación de Club Deportivo Lugo Sociedade Anónima Deportiva remitidos polo Club Deportivo Lugo e que sinalan que "(...) si no se cubre la suscripción del capital total los promotores decidirán si se constituye la sociedad con el capital suscrito, en cuyo caso los suscriptores que no estén de acuerdo podrán reclamar a los promotores que les sean devueltas sus aportaciones y se constituirá la sociedad con los suscriptores que deseen permanecer; o bien si los promotores deciden no constituir la Sociedad, devolverán las cantidades aportadas por os suscriptores en el menor plazo posible"

Polo presente convenio, se manifesta a vontade por parte do Concello da devolución das cantidades en calquera dos supostos sinalados, comprometiéndose os representantes da entidade deportiva á execución dos trámites necesarios para efectivizar tal devolución.

Cuarta.- Vixencia do Protocolo .

O presente protocolo terá vixencia desde o día seguinte a súa formalización e manterase ata a realización das actuacións expostas.

Quinta.- Natureza Xurídica do Protocolo

O presente protocolo de actuación ten carácter administrativo, sendo competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver todas as cuestións litixiosas que podan xurdir.

O Alcalde do Excmo. Concello de Lugo

O Presidente do C.D. Lugo

O Secretario Xeral do Pleno,